



EDUCACIÓN INFANTIL



O alumnado de tres anos que ó seu ingreso no colexio en moitos casos apenas fala, debe aprender a convivir nunha colectividade con nenas e nenos da súa mesma idade e con adultos diferentes dos seus pais. Debe adaptarse a ritmos diferentes, separarse da familia e afianzarse como individuo. O colexio constitúe pois, en moitos casos, a primeira separación da familia e xoga un papel privilexiado no proceso de socialización



O xogo é a súa vida

Xogando fanse maiores



O xogo é a principal actividade de nenas e nenos.



Xogando relacionanse co mundo.



Desenvolven a súa afectividade




Exercitan a motricidade corporal.



Potencian a capacidade intelectual.



Liberan a súa creatividade




Fanse sociables.



Os xogos serven igualmente para nenas que para nenos



A igualdade de oportunidades empeza agora.



Os xoguetes son instrumentos auxiliares do xogo, non deben limitar a imaxinación



O público infantil é un cliente apecorado. ¡Coidado coa publicidade!



Xogando constrúen o seu futuro

SUXESTIÓNS PARA PAIS E NAIS

Queridos papás e mamás, é moi importante para o vosa filla ou fillo e para a relación casa-colexio que leades moi atentamente e non esquezaes que:

- Pola mañá entramos ás 9:00 e saímos ás 14:00 h. Por favor erguédeme cedo para chegar a tempo porque gústame escomezar todas as actividades xunto cos meus compañeiros.
- Non esquezaes marcar toda a miña roupa co meu nome, así se perdo algunha cousa atopareina axiña.
- Se me poñedes unha cinta nas chaquetas, abrigos e mandilón poderei colgar eu só a roupa no meu colgadoiro e non caerá no chan cada vez que o intente.
- Poñédeme roupa cómoda para que me sexa doado quitarla cando vaia o retrete. Así como zapatos sen cordóns.
- Non poderei vir ao cole se teño algunha enfermidade infecto-contaxiosa (incluída a conxuntivite).
- Se algunha vez vos atopades con aqueles animalíños que, cabezas, avisaremos a profesora e solucionaremos o problema o máis axiña.
- Debedes saber que na clase teño todo o necesario para as actividades diarias polo que non é necesario que traia xoguetes.
- Se queredes falar coa miña profesora podeades facelo todos os martes de 16:30-17:30, para o que podeades pedir cita na secretaría do centro.